



INFORME DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA SOBRE O "PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE MODIFICA A ORDE DO 26 DE OUTUBRO DE 2000 POLA QUE SE REGULA A EXTRACCIÓN DE SEMENTE DE MEXILLÓN EN BANCOS NATURAIS"

Visto o "Proxecto de orde pola que se modifica a Orde do 26 de outubro de 2000 pola que se regula a extracción de semente de mexillón en bancos naturais", en cumprimento do disposto no artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emite o seguinte

INFORME:

I. FUNDAMENTACIÓN ESTATUTARIA E LEGAL

O artigo 148.1.11 establece que as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en "materia de pesca en augas interiores, marisqueo e acuicultura". Por outra parte, o artigo 149.1.19 outorga ao Estado a competencia exclusiva sobre "a pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector se atribúan ás Comunidades Autónomas".

Sobre a base de tal fundamento constitucional, o Estatuto de Autonomía para Galicia establece que corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva sobre "a pesca nas rías e demais augas interiores, o marisqueo e a acuicultura" (artigo 27.15) e sobre "as confrarías de pescadores" (artigo 27.29), así como o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado da materia "ordenación do sector pesqueiro" (artigo 28.5).

Dentro de este marco competencial, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, cuxo título V regula a





acuicultura mariña. A normativa, aínda vixente sobre esta materia cando a actividade se desenvolve na zona marítima, ven constituída polo Decreto 406/1996, do 7 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de viveiros de cultivos mariños nas augas de Galicia, modificado posteriormente polo Decreto 338/1999, do 3 de decembro, e polo Decreto 174/2002, do 10 de maio.

O Decreto 338/1999, do 3 de decembro, modificou o artigo 37 do Regulamento co fin de regular o abastecemento por parte dos concesionarios das bateas de semente de mexillón procedente de bancos naturais, sinalando no seu número 1 que “as condicións das habilitacións para o abastecemento de semente en banco natural, as zonas e períodos de extracción e as cantidades máximas que se van a extraer en cada zona se regularán mediante orden da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura”, hoxe Consellería do Mar.

Esta regulación tivo lugar mediante a Orde do 26 de novembro de 2000, pola que se regula a extracción de semente de mexillón en banco natural, norma que se pretende modificar mediante a presente disposición.

II. XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO

Como se indica na memoria de acerto e oportunidade, o presente proxecto xustifícase pola necesidade de introducir a utilización dunha aplicación informática para terminais móbiles que facilitará ás persoas recolectoras cumprir coa obriga de comunicar á Administración a información requirida de xeito instantáneo, o que lle permitirá avaliar de forma máis axeitada o estado do recurso para alcanzar o máximo rendemento sostible, optimizar a dispoñibilidade de semente de mexillón, e dispoñer de información sobre os períodos e as zonas óptimas para a recollida, facilitando, así mesmo, a identificación das persoas autorizadas para levar a cabo a extracción de semente de mexillón en bancos naturais.





III. ESTRUCTURA E CONTIDO

Respecto á estrutura e contido do proxecto, consta dun preámbulo, no que se resaltan os obxectivos e finalidade pretendidos pola disposición normativa, e un artigo único, que identifica a norma modificada: Orde do 26 de novembro de 2000, pola que se regula a extracción de semente de mexillón en banco natural.

O artigo único divídese en dous números: o número un, que da unha nova redacción ao artigo 6 da orde que se modifica, e o número dous, que suprime o artigo 9 e o declara sen contido, evitando deste xeito alteracións no articulado da disposición que se modifica.

Completa o texto unha disposición derradeira, referida a súa publicación e entrada en vigor.

IV. TRÁMITES REALIZADOS E RESULTADO DOS MESMOS

O proxecto de decreto elaborouse de conformidade co procedemento establecido nos artigos 40 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, unha vez iniciado o procedemento por acordo do conselleiro do Mar do 28 de outubro de 2024, a elaboración do anteproxecto levouse a cabo pola Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, acompañado da memoria xustificativa sobre a súa legalidade, acerto e oportunidade, a memoria económico-financieira e o informe do Servizo Técnico-Xurídico.

Unha vez rematada a fase inicial de elaboración, o texto aprobouse o 30 de outubro de 2024 polo conselleiro do Mar como proxecto de orde.





O proxecto foi informado favorablemente pola Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autonómico da Consellería de Facenda e Administración Pública o 5 de novembro de 2024, ao non supoñer custo para a Administración autonómica.

Con data 14 de novembro de 2024, a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade da Consellería de Política Social e Igualdade informou de que se trata dunha norma sin repercusión en cuestións de xénero e sin colisión coa normativa vixente en materia de igualdade.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no artigo 42.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto de orde publicouse no portal de Transparencia e Goberno aberto durante o período comprendido entre o 4 de novembro de 2024 e o 22 de novembro de 2024, tal como consta no certificado da Dirección da Área de Administración Dixital da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia do 28 de novembro de 2024, recibíndose 19 suxestións.

En cumprimento do trámite de audiencia, deuse traslado do texto do proxecto ás seguintes organizacións: Asociación de Produtores de Mexillón de Ares-Betanzos -APROMAR-, Asoc. de Cultivadores de Mexillón -CULMEGA-, Asoc. de Mexilloeiros Ría de Aldán, Asoc. de Produtores Mexilloeiros "A Ría", Asoc. Mexilloeiros de Vilanova de Arousa-AMEVILA-, Asoc. Mexilloeiros Ría de Vigo, Asoc. de Acuicultores Mexilloeiros de Galicia-ACUIMEGA-, Asoc. de Mexilloeiros de Combarro e Raxó -AMECONRA-, Asoc. de Mexilloeiros Profesionales A Marxa, Asoc. de Mexilloeiros Autónomos da Ría de Aldán, Asoc. de Mexilloeiros Santa Maria de Caleiro, Asoc. de Mexilloeiros Illa de Arousa, Asoc. de Mexilloeiros Virxe do Rosario, Asoc. de Produtores de Mexillón Virxe do Carmen, Asoc. de Produtores Mexilloeiros da Ría de Muros e Noia, Asoc. de Produtores Mexilloeiros Ansuiña, Asoc. de Produtores Mexilloeiros Rianosa de Moaña, Asoc. de Produtores Mexilloeiros e Ostrícolas Río Mayor, Asoc. de Produtores Mexilloeiros de Rianxo-ASPROMERI, Asoc. de Produtores Mexilloeiros "La Gorma", Asoc. de Produtores Mexilloeiros de S. Adrián de Cobres-AMESA-, Asoc. Mexilloeiros San Cibrán de Aldán, Asoc. Mexilloeiros San





Esteban-AMI-, Asoc. Mexilloeiros Seixo, Asoc. de Produtores de Mexillón Pobra, Asoc. de Produtores Mexilloeiros Ría de Arosa, Asoc. de Produtores de Mexillón CIES, Asoc. de Produtores Independientes de Mexillón de Galicia -PROIMEGA-, Asoc. de Produtores de Mexillón San Amaro, Asoc. de Produtores de Mexillón San Saturnino, Asoc. de Produtores de Mexillón Val do Salnés, Asoc. de Produtores Mexilloeiros Vilanova, Agrupación de Mexilloeiros A SARROSA, Agrupación de Mexilloeiros " A Boirense", Asoc. Interprofesional do Mexillón-AIMEX, Amegrove,S.C. Galega, ASMECRUZ Sociedad Cooperativa Gallega, Asociación de Mexilloeiros Amebarraña, Asociación de Mexilloeiros COTEIFE, Asociación de Mexilloeiros de Muros Esteiro, Asociación de Mexilloeiros Noso Mar "NOMAR", Asociación de Mexilloeiros A Bensa, Asociación de Mexilloeiros Rúa Mar, Asociación de Mexilloeiros Ventos da Ría, Asociación de Miticultores de Galicia -MITIGAL-, Asociación Mexilloeiros de Vilaxoán, Asociación Mexilloeira do Barbanza, Asociación Mexilloeira Rianxeira, Asoc. Produtores Mexilloeiros de Moaña, Asociación Produtores Mexilloeiros Promar, Cooperativa Mexilloeira de Bueu, S.C.G, Egrome Sociedad Cooperativa Galega, Federación de Asociacións de Mexilloeiros de Arousa e Norte, Federación de Asociacións de Mexilloeiros - FEMEX-, Organización de Produtores de Mexillón das Rías Galegas -OPMEGAL-, Organización de Produtores de Mexillón de Galicia -OPMEGA- e a Sociedade Cooperativa Galega de Mexilloeiros -SOCOMGAL-.

Formularon suxestións ao texto, co resultado indicado na memoria de tramitación, as seguintes entidades: Asociación Mexilloeira Illa de Arousa, Asociación Mexilloeira A Marxa, a Federación de Asociacións de Mexilloeiros Arosa e Norte (FARN), ASMECRUZ Sociedad Cooperativa Galega, Asociación de Mexilloeiros Nosa Mar (NOMAR), EGROME Sociedade Cooperativa Galega, Asociación de Produtores Mexilloeiros San Amaro, Asociación de Mexilloeiros San Saturnino, Agrupación de Mexilloeiros A Boirense, Asociación de Miticultores de Galicia (MITIGAL), Asociación Mexilloeira do Barbanza, Asociación de Produtores Mexilloeiros Ría de Barraña (AMEBARRAÑA), a Federación de Asociacións de Mexilloeiros (FEMEX) e AMEGROVE, Sociedade Cooperativa Galega; Asociación de Produtores de Mexillón Pobra, Asociación de Produtores de Mexillón Virxe do Carme, Asociación de Produtores do Mexillón Ría de Arousa, Asociación de Mexilloeiros Isleños San Esteban (AMI), a Organización de Produtores de Mexillón de Galicia (OPMEGA), a Asociación de





Mexilloeiros Vilaxoán, a Asociación de Mexilleiros de Combarro e Raxó (AMECONRA); e as Confrarías de Laxe, Fisterra e Lira.

Con data 17 de xullo de 2025, o proxecto foi informado favorablemente pola Asesoría Xurídica da Consellería do Mar ao consideralo conforme ao ordenamento xurídico, advertindo de que, a pesar do sinalado na memoria de tramitación da Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica de 9 de xullo de 2025, non é preciso o ditame do Consello Consultivo de Galicia.

Visto o anterior, de acordo cos principios de boa regulación establecidos polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e, en particular, cos de necesidade, proporcionalidade e eficacia, esta norma contén a regulación imprescindible para atender a súa finalidade. Igualmente, en virtude do principio de seguridade xurídica, a norma garda coherencia co resto do ordenamento xurídico, e, en cumprimento do principio de transparencia, identifícanse con claridade nela os obxectivos perseguidos. Ademais, durante a súa tramitación promoveuse a participación da cidadanía mediante os trámites de audiencia e publicación no portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia.

En consecuencia, tendo en conta os aspectos analizados, o texto proposto reúne os requisitos esixidos na normativa de aplicación examinada anteriormente, polo que esta Secretaría Xeral Técnica informa favorablemente o proxecto de orde, sendo innecesario o ditame preceptivo do Consello Consultivo, tal como quedou indicado no informe da Asesoría Xurídica, por non tratarse a norma modificada dunha disposición regulamentaria de execución dunha lei autonómica.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica
A secretaria xeral técnica

Marta Barreiro Castro

